

MONDARIZ POBO E MONDARIZ BALNEARIO

Mondariz pobo ten unha extensión 85 km² e 6.500 habitantes. Cun clima oceánico húmido, e un relieve de baixa montaña e abundante vexetación.

Mondariz Balneario, está pegado a Mondariz pobo (polo que separación so é administrativa), xa que antes de ter concello propio era o barrio de Troncoso. Créase en 1924, polo polo éxito das fontes de augas medicinais descubertas en 1873 polo crego Domingo Branco Lage. que observou que non lugar de Troncoso, brotaba auga con burbullas que lle chamaron a atención. Esa auga a dou a beber a un veciño doente que curou. Repetiu con outros ate chegar a conclusión de tiñan propiedades medicinais. Unha vez analizadas polos expertos a auga e declarada de Utilidade Pública en 1973, empezándose a embasar en 1877.

A explotación pasa a mans de Ramón Peinador convertíndose na vila termal máis importante de Galicia, ao ser visitada por Primo de Rivera, e outros ilustres políticos e intelectuais coma Pardo Bazán. En 1925 o rei Alfonso XII concélle o título de “Moi hospitalaria vila”. Con so 2,40 km². e menos de 1000 habitantes, e o concello máis pequeno do estado.

O CASTELO DE SOBROSO

Este pequeno castelo está situado nun promontorio rocoso onde apareceron restos da cultura castreña. Os primeiros datos se teñen do 1117 cando a raiña dona Urraca e cercada polos partidarios do seu fillo neno-rei Alfonso VII. Despois pasa a mans de Pedro Ruíz Sarmiento. Na segunda metade ou s XV e escenario das loitas dá revolta irmandiña, sendo practicamente destruído, pasando despois ao poder Pedro Álvarez de Soutomaior “Pedro Madruga”.

No 2014 pasa a mans dá Diputación Provincial de Pontevedra, que o convirte na sede do Centro de Recuperación da Cultura Popular. Ao mesmo tempo, mellora o seu fermoso contorno, creando un parque forestal con máis de 30 hectáreas de monte arbolado con preto de 40 especies distintas.

A RUTA

Primeiro, sobre as 11 horas dirixirémonos ao castelo de Sobroso, onde faremos unha curta visita que costa un euro por persoa.

Sobre as 12 horas, faremos 20 minutos de bus ata a aldea de Lourido onde comezará a camiñata que rematará en Mondariz Balneario. Nada máis baixar ata ou río Tea, teremos que cruzar polos “Pasos de Lourido”, que nesta época non suporan gran dificultade para ningún, pero hai que pasar con coidado. Será o primeiro dos tres similares que temos que cruzar. A ruta seguirá ata chegar ata a tubería dunha pequena central hidroeléctrica. Logo empatará cunha fermosa levada ou canle de rego tradicional. Así chegaremos a aldea das Pereiras para volver a baixar ou río Tea e voltar a cruzalo polos “Pasos de Castelans”.

Continuará a ruta polas aldeas de Pío e Costa, para

meternos nunha fermosísima e vella corredoira, con muros de tres metros nalgún punto. Ao remate chegaremos a Ponte dá Costa, onde faremos o xantar sobre 15 horas.

Pola tarde a uns 20 minutos, chegaremos aos “Pasos de Tatin”, os mellor conservados deste tramo do río Tea. Cruzáremos para seguir sempre a carón do río, en suave baixada case inapreciable. Máis tarde pasaremos a altura dá ponte romana de Cerdanela, que non cruzaremos. Seguiremos a ruta ata chegar a ponte plana de A Poeira, que nos servirá para cruzar ou río outra vez. A altura das Amolares, cruzamos o río por unha ponte metálica moderna para chegar a Mondariz Balneario pola ponte do Cruxón, sobre as 18,30 horas. Alí mesmo hai un bar con preciosas vistas ao río.

O plan e estar en Mondariz ata as 19,30 h. Os que queiran, podrán facer unha rápida visita os lugares máis importantes dá vila. Calculamos estar de volta en Coruña sobre as 22,00 h.

Distancia: 13,9 km. Desnivel descenso: 407 m.

Monitor: David Jove

Mapa de situación



PRÓXIMAS ACTIVIDADES

- ✓ 28 y 29 de maio 2016. *Muxia - Nemiña (LC)*
- ✓ 12 de xunio 2016. *Fraga da Ribeira e do Lostegal (LC)*
- ✓ 17 a 19 de xunio 2016. *Travesía por Picos de Europa. (AS)*
- ✓ 28 de julio a 7 de agosto 2016. *Val di Fassa. Dolomitas (I)*
- ✓ 18 de setembro 2016. *De Bares a Espasante (LC)*
- ✓ 2 de outubro 2016. *Da Moure a Pe do Home. R. Sacra (OR)*
- ✓ 23 de outubro 2016. *Das Pozas de Mougas. Olla (PO)*
- ✓ 20 de novembro 2016. *Polas Fragas de Bogo (LU)*

Teléfono: 981 213115

Correo: artabros@artabros.org



**SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS**

COÑECE E CAMIÑA



15 de maio de 2016
VAL DO RÍO TEA
MONDARIZ (Pontevedra)

